



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Aspectos prácticos sobre a incidencia da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico

**GRUPO:** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

**ÁREA:** Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: Asesoría Xurídica Xeral

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	15
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	ANULADO	<b>ANO:</b>	2015
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 04/02/2015 - 08:00h ao 13/02/2015 - 14:00h

**RESPONSABLE:** GONZÁLEZ LÓPEZ, MANUEL [manuel.gonzalez.lopez@xunta.es]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Profundizar nos resultados da lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico, que se promulgou co obxectivo de lograr unha optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación das distintas unidades administrativas son principios básicos que guían a actuación da Xunta de Galicia.

No ano 2009 iniciouse un proceso gradual de racionalización, simplificación e redución das estruturas administrativas, tanto no que atinxe á Administración xeral como ao conxunto de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Cos referidos axustes, a Administración autonómica adaptou a súa arquitectura organizativa ao actual contexto de crise e restrición do gasto público, ao tempo que promoveu unha acción pública máis eficaz e articulada, que mantén o nivel de calidade na prestación dos servizos públicos. Como corolario deste proceso de reforma e modernización administrativa aprobouse a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que, ademais de clarificar, ordenar e sistematizar a estrutura do sector público autonómico, supón un primeiro paso na introdución de medidas de racionalización e simplificación do ordenamento xurídico galego e do sector público autonómico.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1 e I.

### PROGRAMA

Modulo I

Sobre colaboración dentro do sector público.

Módulo II

Sobre racionalización e redución de custos na contratación do sector público.

Módulo III

A racionalización e mellora da calidade normativa.

Módulo IV

Sobre a sistematización, reordenación e supresión de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico. Influencia do informe estatal CORA e da lei estatal 15/2014 de 16 de setembro de racionalización do sector público estatal

Módulo V: clase práctica.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

critérios de selección especificados ou os xerais da EGAP.

**3. DATOS EDICIÓNS****ACORUÑA1****LOCALIDADE:** CORUÑA**INICIO / FIN:** 04/05/2015 a 11/05/2015**NUM. PRAZAS:** 20**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

**LUGAR DE REALIZACIÓN**

Aula 2, Delegación Territorial da Xunta de Galicia, R/ Vicente Ferrer, 2 - A